

## Novos horizontes no medio rural

ASISTIMOS en Peñaranda de Bracamonte, provincia de Salamanca, á inauguración solemne do CITIA, Centro Internacional de Tecnoloxías Avanzadas para el Medio Rural. O coñecemento é unha riqueza. Investir na formación de capital humano, moi especialmente nas novas xeracións, constitúe a mellor aposta estratéxica que pode facer unha comunidade. A realidade pode transformarse, actuando sobre ela dende a información e dende a intelixencia, dotando de recursos os seus axentes activos (os cidadáns) e propiciando as iniciativas de base. O mundo rural ou medra nesta dirección, aproveitando e transformando os seus recursos, ou está condenado. Tal é a filosofía que inspira a experiencia que comentamos.

Nesta vila de 6.500 habitantes, no corazón da meseta, acolléndose a un programa fronteirizo da UE, o CITIA configúrase coma un poderoso factor estratéxico de modernización arredor da sociedade da información (2.000 metros cadrados útiles), equipado coas máis avanzadas tecnoloxías ao servizo da educación e deseñado para activar sobre todo a base social da bisbarra (fundamentalmente campesina), dándolle participación ás familias, ás empresas, ao movemento asociativo, aos colexios, rapaces e rapazas, etcétera.

Cómpre advertir que en Peñaranda de Bracamonte, da man da Fundación Germán Sánchez Ruipérez, vén desenvolvéndose dende hai 18 anos unha importante actividade de dinamización do libro. Trabállase sobre camiño andado. A pequena vila de Peñaranda sitúase nestes momentos entre as de máis alta práctica lectora en Europa (ao nivel dos países escandinavos). O 47% da poboación ten acceso á Internet e considérase usuaria habitual da mesma. No contorno difícil das comarcas rurais da zona, Peñaranda é a única que medra demograficamente e a que amosa os máis elevados índices de crecemento en servizos e na renovación das súas estruturas empresariais.

Ben pode entender o lector a razón deste artigo. Hai experiencias que merecen ser estudadas e, chegado o caso, incluso copladas. Digo eu: se isto se está a facer dende a iniciativa e o capital privado, ¿que non deberiamos agardar dos recursos públicos e dos nosos estrategos da política cultural? Tamén en Galicia, por suposto.

da voz, 28/10/06  
90/01/82 'For 92